

Prezo mínimo que pague o noso traballo



O pasado sete de agosto gandeiros e gandeiras de toda Galiza secundaron a chamada do SLG á mobilización en Lugo. Perante da central leiteira Pascual -actualmente na presidencia da FENIL-, nas

oficinas de Medio Rural e na Subdelegación do Goberno, fixemos oír a nosa reivindicación: O LEITE É NOSO, POÑÁMOSLLE O PREZO. 0,42 € PREZO BASE MÍNIMO. O vindeiro outono augúrase “quentiño”, e será determinante

a forza coa que fagamos chegar as nosas esixencias á industria e ás administracións para acadar a xusta remuneración que merecemos polo noso traballo e frear a tendencia ao peche das nosas explotacións. **Páxs. 2 e 3**



T Á B O A

O SLG alerta da privatización dos Consellos Reguladores

Analizamos as axudas a produtores/as de alimentos con calidade diferenciada ante a posibilidade de que se empreguen para subir as cuotas dos CCRR. **Páx.6**

Demandamos solucións para os danos da fauna salvaxe

O pasado trinta e un de xullo unha delegación do SLG concentrouse perante da Consellaría do Medio Ambiente, onde fixemos entrega por escrito das nosas solicitudes. **Páx.7**

Próxima xornada reivindicativa do produto caseiro ou transformado

Medio Rural está a elaborar o decreto co que pretende regular o produto caseiro. Non permitiremos que a lexislación agasalle ás empresas co prestixio dos nosos produtos. **Páx.8**

Informacións da Vacina contra o Virus do Papiloma Humano

A Secretaría das Mulleres quere achegar outra visión sobor desta vacina presentada neste ano como a medida “estrela” das revisións xinecolóxicas. Fala o doutor X. Uriarte. **Páx.9**



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez
Colaboracións: Sandra
Varela, Carme Freire, Lidia
Senra, Manuel Docampo,
Isabel Vilalba, Xosé Pérez Rei
e Charo Sánchez Parga.

Deseño e maquetación:

Xosé García e Vera Montoto

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

R/ Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532

MELIDE - Praza do Convento nº2

ARZÚA -R/ Padre Pardo nº24, 1º D

Tlfno. 981 508 177

MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns

CARBALLO - Río Sil nº 52, Baixo. 981

703169

SANTA COMBA - R/ Lugo, nº9, entr. esq.

Tlf/Fax. 981 880909

ORDES - R/ Nova nº 38, 1º, 15680.

Tlf. 981 682908

PONTE CARREIRA - Bar O Taxista

BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,

1º. Tlf: 981 773377

TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º

esq / Tlfno. 981 789 781

SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n

981 490430

AS PONTES - R/ Balsa nº 28

O BARCO - Casa sindical

Tlf. 988 321511 / Fax: 988326723

CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.

Tlf: 630 970 131

O CARBALLIÑO, Casa sindical

Tlf: 630 970 131

VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,

Galerías Maga Tlf. 988 590438; Fax 988

590439

RIBADAVIA - CIG Casa Sindical.

Tlf. 988 477230

Fax. 988477230

XINZO - Casa Sindical Tlf. 988 462547

TRIVES - CIG Casa Sindical

Teléfono 699 924 634

VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde.

Tlfno. 629 621 047

LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.

Tlf. 982 231154

MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tlf.

982 403005

SARRIA - Rúa Nova 60, entrechán.

982 533672

CHANTADA - Praza do Concello, baixos

AISS Tlf/Fax: 982 462103

A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tlf.

982 350 080

ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria

RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS

Tlf/Fax. 982 130615

LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf.

982 121376

VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.

Tlf.982 512431

MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño

Entrechán E. Tlf/Fax: 986792268.

A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º

Tlf/Fax 986 573232

LALÍN -Arenal nº1, 1º andar. Tlf. 986 792

268

SILLEDA - Av. do Parque, 32

Centro comercial O Parque, oficina 12

986 580526

PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal

1ºA, 1ºC. 986 641508

Martes a xoves, de 10.00 a 13.00

O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf.

Rosales. Tlf. 986 625 394

O SALNÉS

Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,

Ribadumia. Tlf. 986 711825

2 / Adro

nº 266
Agosto do 2008



O contrato sen prezo base, unha ferramenta para as empresas

A industria forza a caída do prezo do leite

Dende o Sindicato Labrego Galego sempre alertamos da situación de risco que, para as produtoras e produtores, supón o feito de non ter garantido un prezo mínimo polo noso o leite que cubra custes de

producción e remunerar o noso traballo. Cumpríndose as peores prediccións, as industrias lácteas están xa a impoñer baixadas de prezos nun momento no que tiñan que estar subindo.

Nos primeiros días do mes de agosto, o SLG denunciou que varias industrias estaban abandonando ou reducindo a recollida de leite en Galiza.

Tal foi o caso de PULEVA, que a finais de xullo comunicou o cese de recollidas a catro cooperativas.

En menos de quince días, LÁCTEOS LENCE adheriuse a esta estratexia empresarial de coacción, encamiñada a reforzar a sensación de inestabilidade no mercado.

Na derradeira semana de agosto, Lence impuxo novas baixadas, contradicindo a versión da propia empresa, cando tras a primeira baixa argumentou que sería unha medida aplicada sómentes a produtoras/es afectadas/os pola supresión de primas de cooperativas.

Historicamente, a estas alturas de campaña, o prezo do leite repuntaba á alza.

No ano 2008, homológase un contrato para o leite que se pretende implantar sen prezo mínimo para os/as produtores/as. Neste contexto, a ameaza de inestabilidade na recollida, dá a entender que é complicado vender o leite ás industrias, e pretende "preparar o terreo" para forzar aos produtores/as a vender a calquera prezo.

O negocio é sinxelo: as empresas lácteas, ao estableceren unha relación contractual cos/cas produtores/as, se fixan o prezo a cobrar no momento en que este está máis baixo, garanten que os/as produtores/as veranse na obriga de vender a ese prezo toda a campaña.

Para enmascarar esta estratexia de mercado, a industria emprega o manido argumento dos



Carme Freire e Lupe Prado -Coordenadora de Sectores Gandeiros do SLG- o pasado sete de agosto perante da central leiteira PASCUAL -que na actualidade ostenta a presidencia da FENIL- onde se fixo entrega dun documento coas reivindicacións do sector lácteo.

"excedentes", afirmando que lles sobra leite por mor dunha caída no consumo.

Dende o SLG aseguramos que é mentira que caera o consumo nesta época (sería a primeira vez na historia que iso acontecera), como alegan as industrias.

É máis, as gandeiras e gandeiros do Estado español non fumos quen de abarcar a cuota de produción asignada pola UE para esta derradeira campaña, finalizada o pasado 31 de marzo.

Segundo datos do Fondo Español de Garantía Agraria, a cuota de venda para as industrias foi de 6.046 millóns de toneladas, en tanto que a produción sómentes acadou os 5.923.

Se ben é certo que a produción repuntou moi pouco durante o 2008, vimos de dobrar as importacións de outros países, fundamentalmente

Francia, e, en menor grao, Portugal.

Cando todo o mundo agardaba que esta fora unha época de recuperación de prezo, esta nova manobra de presión empresarial podería inverter os termos, facendo que o prezo do leite siga baixando malia estar nunha tradicional época de subida.

No Sindicato Labrego facemos máis forte a nosa campaña de denuncia: "O leite é noso, poñámoslle prezo", para deste xeito evitarmos que a industria chegue a consolidar uns prezos inasumíbeis polo sector que cuestionan seriamente a viabilidade das explotacións do País.



Esta publicación está cofinanciada pela



Na FENIL, na Consellaría do Medio Rural e no Ministerio

Ningún contrato por baixo do 0,42€ de prezo base

O pasado sete de agosto, o Sindicato do Medio Rural en Lugo e na conta das reivindicacións que se Labrego levou a cabo mobilizacións Delegación do Ministerio de Medio haberán de respetar se, por parte das perante da central leiteira PASCUAL - Ambiente, Medio Mariño e Rural empresas e as respectivas adminis- na actualidade na presidencia da (Lugo). Nestes tres puntos fixemos tracións, existe un verdadeiro FENIL-, na delegación da Consellaría entrega dun documento no que dimos desexo de rematar coa crise no sector.



Opriemeiro punto foi Leche Pascual, en Outeiro de Rei, onde nos concentramos a media mañá.



Dende a central leiteira Pascual trasladámonos en caravana de automóviles até a cidade de Lugo. Alí acudimos ás oficinas da Consellaría do Medio Rural. Logo manifestámonos até a Subdelegación do Goberno, onde tamén fixemos entrega das nosas reivindicacións.



A nosa segunda parada foi nas oficinas da Consellaría do Medio Rural onde, ao igual que en Leche Pascual, fixemos entrega das propostas do SLG.



Adolfo Cabarcos -Secretario de Sectores Gandeiros-, Lupe Prado -Coordenadora de Sectores Gandeiros- e Carme Freire -Secretaria Xeral do SLG-, no momento de trasladar as nosas reivindicacións a Jesús Otero Calvo, Subdelegado do Goberno en Lugo.

Avecíñase un "outono quentiño". Así o revelou a Secretaria Xeral Carme Freire na súa intervención perante da Subdelegación do Goberno en Lugo ao final da mobilización.

No ano en curso, ao longo da crise existiron varios foros de diálogo do sector, que permitiron certos avances, pero dende a firma do acordo de contrato déuselle carpetazo como se xa estivera solucionado tamén o problema do prezo.

Mais a realidade é que os prezos seguiron caendo até chegar a un prezo medio de 0,35 €, xerando unha situación totalmente insustentable polas explotacións, debido ao fortísimo incremento do custe dos insumos.

Esta situación complícase cada vez máis, coas ameazas de non recollida que acaban de aparecer no campo, e que veñen a significar na práctica uha nova imposición de redución de prezos, preparando o terreo a firma de contratos no mo-

mento de prezo máis baixo.

Perante do risco que supón a posíbel implantación do contrato homologado sen prezo base mínimo, dende o SLG, único sindicato que se negou a firmar esta condea para as nosas explotacións, estamos seguras/os de que as mobilizacións e a reiteración das nosas demandas perante das institucións e organismos competentes, constitúen o máis efectivo e digno camiño para acadar as nosas xustas demandas: un prezo mínimo que cubra custos de produción e remunerar o noso traballo.

Para iso, é preciso estarmos todas e todos presentes, demostrándolle ás centrais e ós gobernos, que imos rematar cos atrancos que impiden que isto sexa unha realidade.

Ao presidente da FENIL, Tomás Pascual, ao Conselleiro do Medio Rural, Alfredo Suárez, e ao Subdelegado do Goberno español, Jesús Otero, esixímoslle que se faga todo o posíbel para

reiniciar vías de diálogo que permitan avanzar no camiño de dotar a este sector da estabilidade e da transparencia que necesita para garantir unha viabilidade de futura para todos os a-xentes que hoxe o compoñen, e que permita viabilizar todas as explotacións que quedan despois dos peches masivos dos últimos anos.

Ademáis, o pasado sete de agosto solicitámoslle expresamente ao presidente da FENIL que se implicase activamente na reapertura de negociacións que acaden estes obxectivos.

Tamén queremos que se garanta a recollida de todo o leite e que non se utilicen ameazas de non recollida para reducir prezos, como veñen de facer PULEVA e LÁCTEOS LENDE nestes meses de verán.

Non permitiremos que gobernos e centrais se fagan cunha nova ferramenta para acadar os seus intereses, o leite é noso, e ímoslle poñer o prezo.

Editorial

Aveciñanse malos tempos. Temos a responsabilidade de dar unha resposta contundente.

No que vai de ano, levamos denunciando as dificultades polas que est3n atravesando as nosas explotacións, debido fundamentalmente 3 suba dos custes de producci3n e 3 baixada ou, no mellor dos casos, mantemento dos prezos.

Temos tam3n organizado durante este ano, en solitario ou coorganizado con outras organizaci3ns, diversas mobilizaci3ns en demanda de soluci3ns.

Cando as mobilizaci3ns do sector l3cteo estaban nun nivel alto de participaci3n, a Consellar3a do Medio Rural e o Ministerio de Medio Rural, lanzaron cadanseu contrato homologado para o leite.

A pesares de que o contrato non aportaba soluci3ns ao problema, pois carec3a de prezo base m3nimo, 3 dicir, carec3a do elemento fundamental que debe ter un contrato, inexplicabelmente, foi asinado por todas as partes, ag3s o Sindicato Labrego Galego na Galiza e a Coordinadora de Organizaci3ns Agrarias e Gandeiras no Estado.

Conf3rmase agora, cando o leite en

pleno xullo e agosto segue baixando, que **o contrato foi un peche en falso da crise do leite.**

O dano est3 feito, as mobilizaci3ns cort3ronse no momento no que hab3a dispoñibilidade para seguir loitando at3 acadar unha soluci3n satisfactoria.

Mentres dende as administraci3ns e as organizaci3ns asinantes se transmit3a con gran triunfalismo que o problema do leite estaba resolto, as labregas e os labregos constatabamos d3a a d3a que, no canto de resolverse, as dificultades agrand3banse: Puleva deixa rutas de recollida, Lence segue baixando os prezos.

En definitiva: **que o contrato homologado no canto de aportar estabilidade, tal e como nos prometeron, converteuse nunha ferramenta clave para as empresas seguiren abaratan-do os prezos, at3 colocalos nun nivel extremadamente baixos que, logo tentaran consolidar cos contratos.**

Por certo que, nestes momentos, xa est3n os dous publicados no DOG e BOE, respectivamente.

Todo isto, sen d3bida provoca des3nimo, cansanzo e escepticismo

nas labregas e nos labregos e, que d3bida cabe, dificulta a posta en marcha de novas mobilizaci3ns.

3 nesta situaci3n, unha vez m3is, que o Sindicato Labrego Galego ten que asumir a responsabilidade de defender o futuro das explotaci3ns galegas.

Nestes momentos 3 clave mobilizarse, 3 clave denunciar ante a sociedade a grande farsa que foron os contratos do leite.

3 clave que todo o mundo saiba que, cando os alimentos est3n subindo de prezo para as persoas que os mercan, os prezos que percibimos n3s, as labregas e os labregos que os producimos, seguen baixando.

Recae sobre n3s, sobre cada afiliada, sobre cada afiliado do Sindicato Labrego Galego, p3ner en marcha novas mobilizaci3ns para forzar 3s administraci3ns e 3s empresas a abrir un proceso de negociaci3ns que aporte soluci3ns reais e duradeiras que nos permitan vivir dignamente do noso traballo.

Ante a proliferación de casos de siniestralidade laboral na actividade agropecuaria

Cómpre promover unha “cultura da prevención” no sector

Numerosos episodios de accidentes graves con consecuencias mortais que sufríu o sector agropecuario galego nas últimas semanas demostran unha vez máis a necesidade tomar unha serie de medidas orientadas cara a prevención.



Dende o Sindicato Labrego Galego consideramos que a clave para poñer remedio a preocupante sinistralidade que padecemos neste sector pasa por facer un esforzo especial en formar, informar e sensibilizar aos/as traballador@s do sector agropecuario e forestal, o que pasa inevitablemente e, antes de nada, por unha forte e prolongada campaña que combine estas tres facetas,

dando así un primeiro paso para tratar de instaurar pouco a pouco unha “Cultura da prevención” da que o sector carece en absoluto.

Por iso cómpre facer un esforzo especial co colectivo máis afectado (os/as maiores de 55 anos) e coas tipoloxías de sinistro que con máis frecuencia se producen como son o envorco (lateral e hacia atrás) e os accidentes de tráfico, sendo

o tractor a máquina agrícola coa que con máis frecuencia se producen este tipo de percances.

Nese senso facemos un chamamento as Administracións implicadas para que busquen conxuntamente fórmulas de colaboración e coordinación que lle dean coherencia as accións que de aquí en adiante se planifiquen, evitando duplicidades innecesarias.

MEDIDAS QUE O SLG DEMANDA ÁS INSTITUCIÓNS

- 1. A necesidade de intensificar os esforzos en materia de formación, información, e sensibilización, dadas as importantes carencias que padecemos en ditas materias.
- 2. Hai que articular as medidas precisas para garantir a seguridade da maquinaria agrícola.
- 3. É máis necesario ca nunca que as Administracións Públicas con competencias na materia, e dicir: a Dirección Xeral de Relacións Laborais (e máis concretamente a Subdirección Xeral de Seguridade e Saude Laboral) da Consellaría de Traballo e a Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal da Consellaría do Medio rural, coordinen iniciativas e esforzos en Políticas de Prevención.
- 4. A falta de coherencia entre as distintas lexislacións aplicables na materia é patente. Ademais, de múltiples lagoas lexislativas que deixan un baleiro legal importante. Nese senso cómpre destacar a necesidade completar os regulamentos técnicos sobre determinados elementos de seguridade.



Segundo o censo de 2005, en Galiza hai 141.459 tractores e 70.700 motocultores.

O SLG alerta da privatización dos Consellos Reguladores

Analizamos as axudas a produtores/as de alimentos con calidade diferenciada

O SLG presentou o pasado cinco de agosto en rolda de prensa a súa análise da Orde do 18 de xullo de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos produtores/as que participen nos programas de produción e mellora dos produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada, no marco do Programa de desenvolvemento rural para Galiza 2007-2013.

Nesta orde convócanse as axudas directas ao produtor/a para o ano 2008 destinada ao pago da certificación dos Consellos Reguladores (publicada no DOG do 24 de xullo do 2008).

O Sindicato Labrego lembrou que estas axudas, concedidas aos produtores e produtoras, non haberían de gardar relación algunha coa suba de taxas por pertencer a un C.R., posto que tal feito suporía un financiamento encuberto dos Consellos Reguladores (CCRR) á conta das labregas e labregos do País.

Ademais, devanditas cuantías económicas concederíanse sómentes durante cinco anos, co cal, de levarse a cabo unha suba nas taxas para pertencer aos CCRR, dentro de cinco anos os/as pequenos/as e medianos/as produtores/as non se poderían facer cargo deses pagamentos e só



De esquerda a dereita: Primitivo Lareu - vogal do Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra, Charo Sánchez Parga -vogal do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica-, Jorge Cardoso -vogal da D.O. Rías Bixas- e Manuel Docampo -vogal do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica-. Diante: Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG.

se manterían nos consellos asindustrias e as grandes explotacións.

Dende o Sindicato Labrego advertimos que se está a trazar un modelo de privatización da certificación e o control dos alimentos con calidade diferenciada, que neste caso pasa por deixar fóra a aquelas e aqueles que crearon a calidade alimentar que caracteriza ao noso País: as pequenas e medianas explotacións, fronte ao modelo de produción alimentar industrializada que a cotío tentan impoñernos dende as grandes multinacionais, as únicas que

poderían afrontar, con proceso proposto nesta Orde, as taxas de pertenza aos Consellos Reguladores.

O SLG mantense firme na esixencia dun mantemento claro do financiamento público directo dos CCRR, e non a través de subvencións ós/a produtores/as, sendo preciso que se aclare o posicionamento da Consellaría do Medio Rural ao respecto.

Opoñémonos, ademais, a que se empregue esta axuda económica para subir as cuotas que pagamos para estarnos Consellos Reguladores.

Tres matadoiros alíanse para provocar unha baixada no prezo da carne de coello

O Sindicato Labrego Galego dirixiuse á Lonxa Agropecuaria de Galiza para evitar que esta se preste á imposición de prezos no sector cunícola por unha parte da industria-distribución que exerce de monopolio.

Os prezos da carne de coello, ata agora, rexíanse pola lonxa de Bellpuig, con descontos por abaixo para outras lonxas, no caso da de Galiza de 11 céntimos, e na lonxa de Bellpuig existe representación ampla tanto do sector industrial como do sector produtor.

Dende fai tres semanas tres matadoiros negocian consigo



Arestora, sómentes o 0,5% das granxas cunícolas estatais son explotacións familiares, sendo o 95% restante granxas netamente industriais.

mesmo os prezos, impoñendo polo tanto o seu prezo e coa cobertura da Lonxa Agropecuaria de Galicia, donde baixaron os prezos,

xa moi mermados, en 41 céntimos en tres semanas, e obrigando así a que empecen a aparecer baixadas noutras lonxas (Bellpuig), que de

xeito natural tendían á alza.

Esta situación está provocando a ruína das granxas de coellos de Galiza, provocando perdas millonarias nun sector que leva ano e medio de baixos prezos e de producir por baixo de custos. Cada vez que estes señores impoñen o seu prezo, é dicir cada semana, condenan ao peche a unhas cantas granxas de Galiza.

Dende o SLG esiximos que os poderes públicos impidan que estes tres matadoiros impoñan o seu monopolio e chamamos á Lonxa Agropecuaria de Galiza a non prestarse de escenario para esta mascarada.

O SLG demandou solucións na Consellaría do Medio Ambiente

Trasladamos á Consellaría as nosas propostas para paliar os danos da fauna salvaxe

No medio rural das especies protexidas, dende o SLG plantexámonos quen protexe aos labregos e labregas. A este paso, acabaremos por ter que ser declaradas/os "especie en perigo de ex-

tinción", cun medio rural xestionado ao xeito "empresarial" e a alimentación condenada á especulación das multinacionais. O pasado trinta e un de xullo, unha delegación do Sindi-

cato Labrego concentrouse perante da Consellaría do Medio Ambiente ao tempo que fixemos entrega dunha proposta de medidas para subsanar os danos causados pola fauna salvaxe.

Este está a ser un ano moi difícil para as labregas e labregos da Galiza. Á grave crise económica nas explotacións provocada por unhas políticas agrarias que obrigan ao abandono diario de explotacións no País, súmanse agora as perdas producidas polos ataques da fauna salvaxe, sen que ditos problemas sexan atendidos pola Consellaría do Medio Ambiente.

Arestora, os plans de indemnización establecidos non contemplan a realidade das explotacións, nin as perdas totais que estas están a sufrir.

Os sectores agrícola e gandeiro non deben seguir sendo os que cubran os custes e as perdas que se derivan do mantemento da fauna salvaxe, debendo recaer a conservación da mesma no conxunto da sociedade, e non nas explotacións agrogandeiras.

Ademais, non se deben condicionar as axudas e as indemnizacións á existencia ou non de crédito orzamen-



Mediante esta concentración o SLG denunciou o desprezo mostrado pola Consellaría do Medio Ambiente ao non atender ós graves problemas creados polos ataques da fauna salvaxe nas explotacións. Neste día tamén solicitamos por escrito unha próxima xuntanza co conselleiro.

tario, xa que a conservación da fauna salvaxe ten que ser tratada con partidas orzamentarias propias.

Danos do xabarín

Ao respecto das medidas propostas para paliar os danos causados pola fauna

salvaxe, o SLG solicitou que no importe das axudas se contemple a totalidade dos custes do servizo veterinario, incluída a eutanasia do gando post-ataque.

Tamén propoñemos eliminar o carácter decrecente

das axudas nas explotacións "reincidentes", sobre todo cando algúns dos métodos son temporais, coma no caso dos detonadores de propano.

As axudas por ataque ao gando ou perda de colleita

deben contemplar o pago anticipado das mesmas xa que a supervivencia das explotacións pode estar vinculada á mesma.

Afondar e protocolizar a identificación dos ataques de xeito que as explotacións non queden a mercé da interpretación dun só técnico é imprescindible.

Ademais, arestora a cantidade máxima fixada para os danos do xabarín por explotacións (1.200,00€) non cubre, na maioría dos casos, nin tan sequera os custes da sementeira.

As medidas recollidas no anexo IV da orde para paliar os danos do xabarín resultan ineficaces na maioría dos casos e nalgúns son subreais, como ter que levarlle a comida ao monte sen concretar quen e como.

En todo caso debería ser obriga dos TECORES depositar o millo nas pistas ou ben sementar obrigatoriamente no monte un número de hectáreas a cereal de cara a evitar a entrada nas explotacións.

A Consellaría traslada toda responsabilidade aos Tecores das zonas afectadas

Ao igual que noutras aldeas do País, nos meses de xuño e xullo, os labregos e labregas do concello de Oroso (A Coruña) víronse na obriga de enfrontar unha nova ameaza para os cultivos: os ataques do xabarín.

Esta circunstancia multiplicou os custes de produción polo número de veces que se viron na obriga de "re-sementar", afectando gravemente á economía das explotacións.

A situación orixinada en Oroso polos ataques do xabarín acadou unha gravidade tal que a veciñanza

decidiu levar a cabo gardas nocturnas a fin de protexer os seus cultivos.

Xosé Manuel Calvo, Secretario de Organización Territorial do SLG, sufríu a ineficacia do servizo de atención telefónica aos afectados/as habilitado pola Consellaría do Medio Ambiente. Tras varios días ao teléfono, a súa solicitude foi atendida á unha e media da madrugada.

Seguidamente, identificando co número clave que se proporciona neste teléfono, remitiuse un escrito á Consellaría dando conta da

localización dos danos a fin de seren visitados por un/ha perito.

As xestións prolongáronse durante semanas, circunstancia xa coñecida pelas labregas e labregos, que perante desta deixadez e da multiplicidade de requisitos a cumprir, a miúdo renunciamos a solicitar as axudas.

O SLG denuncia que este exceso de burocracia conleva o desánimo dos/as afectados e o descrédito das Administracións.

Na súa resposta, a Consellaría do Medio Ambiente trasladou toda responsabilidade ao Tecor da zona.



O caso da veciñanza de Cardama (Ordes) mesmo chegou a ser difundido no programa da TVG "Vivir aquí", que desprazou unha equipa até as leiras de millo destruídas polo xabarín. Na imaxe, Xosé Manuel Calvo canda Farruco, o presentador do programa.

A Consellaría Medio Rural está a elaborar o decreto que regulará a venda do produto caseiro

Xornada reivindicativa sobre o produto caseiro fresco ou transformado



O 19 de setembro en Santiago de Compostela

Nos últimos tempos, dende o Sindicato Labrego Galego vimos denunciando as dificultades que temos as explotacións para vender os produtos caseiros, debido a unha normativa hixienico sanitaria non adecuada ás explotacións, e tamén á falta de interese das administracións para apoiar e

facilitar a presenza destes produtos nos mercados locais.

Nestes momentos, a Consellaría do Medio Rural, está elaborando un Decreto co que pretende regular o produto caseiro.

No SLG, entendemos que este é un momento importante e que, dependendo de como

É necesario defender o noso dereito a seguir vendendo os produtos que temos nas nosas casas e impedir que a lexislación lle permita ás empresas transformadoras apropiarse do prestixio que ten o produto caseiro

sexan as normas que estableza este decreto, no futuro as explotacións poderemos vender normalmente o noso produto caseiro ou perder definitivamente o dereito a vender os nosos produtos caseiros, como aconteceu no seu momento coa augardente.

Entendemos que é necesario defender o noso dereito a seguir vendendo os produtos que temos nas nosas casas e, impedir que a lexislación lle permita as empresas transformadoras apropiarse do prestixio que ten o produto caseiro, grazas ao noso saber facer e, que se legalice que as empresas podan elaborar e

vender un falso caseiro, pois o caseiro só pode ser feito por nós e nas nosas casas.

Para analizar todo isto e para reivindicar o noso dereito a vender caseiro fresco e/ou transformado, organizamos con outras organizacións interesadas, o 19 de setembro unha xornada informativa e reivindicativa.

Programa de Actividades

Nesta xornada participarán veterinarios, veterinarias, labregos e labregas de outros estados, como Francia, Italia ou Portugal que nos permitirá coñecer a realidade do caseiro nestes lugares.

Darase a coñecer tamén o decreto que está elaborando a Consellaría do Medio Rural.

Ao mesmo tempo e no exterior do local no que se farán as charlas, organizamos un mercado de produto caseiro fresco e transformado.

Pensamos que é moi importante que todas as persoas que teñades produto caseiro para vender, xa sexa fresco, xa sexa transformado, participades neste mercado.

Para ir organizando todo, é moi importante que vos vaiades poñendo en contacto dende agora co local do sindicato da vosa comarca.



Se che interesa o produto caseiro, contacta dende xa co local do SLG da túa comarca

Continuamos esixindo a revisión da Lei da Competencia: o mercado de verán de Riotorto tamén foi transparente

O Concello de Riotorto vén organizando mercados estacionais de produtos ecolóxicos e de tempada. O pasado día 15 de agosto tivo lugar o de verán.

Nesta ocasión, a organización solicitou do Sindicato Labrego Galego a reedición do Mercado da Transparencia, que realizamos por vez primeira o dezanove de xullo en Santiago de Compostela.

Afiliados e afiliadas da comarca levaron os seus produtos para a venda, en tanto que o SLG montou un posto no que se distribuíu abondoso material divulgativo a respecto das escandalosas marxes comerciais establecidas pola gran distribución de produtos alimentares.

Do contacto coas persoas que se pasaron polo mercado é fácil extraer a conclusión de que existe un consenso bastante xeralizado sobre os perxuizos que lles causan a produtores/as e consumidores/as as prácticas abusivas da distribución, que fan que o/a consumidor/a pague catro veces o que recibe o/a produtor/a, de media.

Fica por diante un longo camiño para lograr situar este tema no centro do debate social, para que se incremente a demanda de produtos labregos e que as Institucións aposten decididamente polos mercados de proximidade. Este é o obxectivo do Mercado da Transparencia do SLG.

COA ALIMENTACIÓN NON SE ESPECULA

¿Quen se queda co que ti pagas?



MERCADO DA TRANSPARENCIA

A Asociación Frouma traballa na investigación das mellores condicións de implantación

Recuperando as frondosas caducifolias nos nosos montes

Os obxectivos da repoboación con frondosas son moi variados e simultáneos. Estas formacións proporcionan madeira, leña, cogumelos, protección fronte ao vento, recreo, conservación de ecosistemas, paisaxe, hábitat para a fauna e posibilitan un aproveitamento madeireiro e gandeiro. Os montes de frondosas posúen maior diversidade da vida silvestre e da fauna cinexética que os de coníferas. As frondosas caducifolias manteñen un maior frescor dentro da masa nos meses de verá, polo que arden con maior dificultade e o lume avanza máis lentamente.

A Asociación Frouma vai iniciar un estudo sobre as zonas óptimas de implantación das frondosas caducifolias no territorio galego, buscando a obtención de produtos de alto valor engadido e incidindo na prevención de incendios forestais mediante a creación de devasas naturais.

Subliñar a importancia que neste estudo vai ter a implantación do castiñeiro de froito.

A metodoloxía de traballo aplicada será a seguinte:

Partirase das condicións óptimas establecidas de xeito teórico para a implantación e mellor desenvolvemento das especies de interese.

Realizarase unha división do territorio en tres grandes zonas: Montaña oriental, Galiza central e Galiza costeira.

Cada unha destas zonas subdividirase en dúas áreas de estudo, quedando como segue:

■ Montaña oriental: A Fonsagrada e Terra de Trives.

■ Galiza central: Terra de Melide e O Deza.

■ Galiza costeira: A Barbanza e o Baixo Miño.



As especies frondosas caducifolias (castiñeiro, carballo, freixo, cerdeira...) poderían, potencialmente, cubrir a inmensa maioría da superficie da Galiza. Porén, a actividade forestal concéntrase en tres especies (eucalipto, piñeiro do País e piñeiro radiata), quedando as frondosas caducifolias marxinadas nas repoboacións, especialmente nas realizadas por particulares. Reseñar que os produtos resultantes do aproveitamento dunha masa de frondosas caducifolias van ter maior valor engadido, co que imos obter maiores beneficios dos nosos montes.

Se ben é certo que todas estas cuestións son coñecidas, é tamén ben certo que os estudos e publicacións sobre o cultivo das frondosas caducifolias son escasos, sendo pouca a información ao alcance dos silvicultores e das silvicultoras que queiran introducir estas especies nas súas explotacións.



Detectarase que especies resultan máis competitivas en masas naturais

En cada unha destas áreas, realizarase un estudo pormenorizado das condicións climáticas, de solo, hidrolóxicas, fitopatolóxicas e socioeconómicas que teñan influencia directa ou indirecta no establecemento e bon desenvolvemento das frondosas caducifolias.

Sinalaranse, entón, dentro de cada área de estudo, aquelas zonas que resulten óptimas para o cultivo das frondosas caducifolias, con especial mención aos lugares onde o castiñeiro de froito poda ser implantado, introducindo as variedades máis axeitadas para a transformación industrial.

Chegados a este punto,

realizarase unha comparativa entre os rendimentos reais das masas de frondosas caducifolias existentes dentro destas áreas sinaladas como óptimas e outras formacións situadas fóra delas.

Teranse en conta, así mesmo, as marras producidas nas repoboacións, analizando as posíbeis causas.

Tamén se observará que especies resultan máis competitivas en masas naturais.

O obxectivo é confrontar os resultados obtidos mediante o estudo do medio realizado de xeito teórico e os datos tomados en campo nas formacións xa existentes e extraer as con-

clusións pertinentes.

Por último, realizarase unha avaliación da situación da industria de transformación, pois é preciso coñecer a capacidade de introdución no mercado dos produtos obtidos.

Este punto resulta de moita importancia pois atopámonos situacións nas que temos produción, pero non industria transformadora (madeira de calidade para moble) e viceversa, temos industria, pero non produción (transformación da castaña).

Os resultados obtidos serán difundidos mediante a súa publicación dixital e en papel.

Mobilizacións o 20, 21 e 22 de setembro na reunión de ministros de agricultura da UE en Francia

A alimentación é un dereito: Cambiemos a PAC

O futuro da política agraria común estará no centro dos debates do Consello informal de Ministros de agricultura da Unión Europea, que se reunirá en Annecy (Francia) durante os días

21, 22 y 23 de setembro 2008. As organizacións agrarias que formamos parte do Coordinadora Europea da Vía Campesina temos previsto participar nesta mobilización. Canda nu-

meros colectivos agrarios e sociais, esixiremos perante dos gobernantes europeos unha agricultura para podermos vivir, cunha política agraria europea lexítima e solidaria.



O fracaso das negociacións da ronda de Doha é unha boa nova para quenes de Seattle a Cancún, de Hong Kong a Ginebra loitaron contra o poder que a OMC aspira a ter en todos os sectores da vida dos seres humanos do planeta.

A política agraria europea habería de ser unha ferramenta para regular mercados e parar o empobrecimento e desaparición das labregas e labregos.

Unha verdadeira e efectiva Política Agraria Común deberá favorecer unha agricultura labrega, aforradora de recursos naturais, composta de pequenas e medianas explotacións.

Par acadar este obxectivo, cómpre repartir máis equitativamente o apoio público entre as explotacións, entre os sectores y entre os países.

O emprego agrícola e rural ten que ser unha das súas prioridades.

Para iso, é importante relocalizar as producións, e dar a prioridade ao comercio local e rexional, limitando a produción dos gases de efecto invernadoiro e a polución, protexendo a fertilidade do chan e a biodi-

versidade.

Unha PAC xusta, ten moito que traballar na súa aportación aos países en vías de desenvolvemento, e habería de favorecer a agricultura dos países do Sur prohibindo toda exportación por baixo dos custos de produción.

Esta política agrícola é a única capaz de aceptar os desafíos alimentares, sociais e medioambientais que arestora forman parte dunha problemática que afecta, inda que desigualmente, a toda a poboación mundial.

A PAC que as organizacións agrarias e sociais esixiremos o vindeiro mes de setembro en Francia, permitirá a produción dunha alimentación de ali- dade, segura e accesíbel para todas e todos.

Como sempre reiteramos dende o Sindicato Labrego Galego, o achegamento entre consumidoras/es e produtoras/es, así como o fomento de pautas de consumo responsábel, son imprescindíbeis para susentar esta nova PAC.

Por que esta mobilización

A crise mundial dos pre-

zos alimentarios, destacada brutalmente polos motíns da fame, é sumamente grave.

A orixe da mesma atopá- mola na simultaneidade de varias causas.

As colleitas do 2006 e do 2007, tamén agora as do 2008, estanse a ver afectadas pelos riscos e cambios climáticos.

Por outra banda, a competición salvaxe entre AS colleitas destinadas á alimentación e as destinadas a agrocombustíbeis industriais vén de empeorar fortemente a situación.

Mais, sobor de todo, a raíz deste problema consiste na desregulación dos mercados, manexados pelos nosos gobernos a través da Organización Mundial do Comercio (OMC), do Banco Mundial (BM), do Fondo Monetario Internacional (FMI), e da Unión Europea.

Tras o chequeo da Política Agrícola Común no 2008, que consistía na revisión das regras establecidas no 2003, a presidencia francesa de la UE enceta agora o debate institucional acerca de la política agrícola até 2013 a partires de la reunión de Annecy.



Unha agricultura para vivir. Cambiemos a PAC

■ Cómpre devolver á agricultura a súa primeira e verdadeira vocación: a alimentaria.

■ Tense que promover unha agricultura labrega, familiar e que proporcione emprego.

■ Cómpre relocalizar as producións e adaptalas aos territorios rurais.

■ É imprescindíbel reservar os recursos naturais e os equilibrios ecolóxicos.

■ Temos que garantir o dereito á soberanía alimentar tanto no Norte como no Sur.

Xa están aquí as medidas da OCM do viño, moi lesivas para o sector na Galiza.

“REGULARIZAR” PARA LIBERALIZAR

O decreto polo que se regula o potencial vitícola foi publicado no BOE o 19 de xullo.

As plantacións, as superficies ilegais, o réxime de abandono, as variedades e as reservas dos dereitos son reguladas neste real decreto.

O noeliberismo económico imperante pretende que as explotacións “non rendíbeis”, dende o seu concepto macroeconómico, que serían a maior parte dos pequenos e medianos viticultores/as independentes e as pequenas e medianas adegas, acabemos pechando, deixándolle este espazo na produción e na comercialización ás multinacionais.

É polo que a medida estrella desta regularización é o abandono.

Esta medida consiste en cobrar unha prima miserábel para deixar de producir e arrancar os viñedos.

Tamén pretenden impedir que aquelas explotacións que non teñan garantida a venda de uvas, ou sexa, os viticultores/as independentes, fagan novas plantacións.

Dende o Sindicato Labrego seguimos alertando de que o modelo ao que se nos quiere levar vai ser moi lesivo para o sector do viño na Galiza.

Polo que seguiremos a loitar para que as medidas que articule a Consellaría do Medio Rural favorezan o máis posíbel aos/as viticultores/as e pequenas adegas, que son os máis lesionados nesta Organización Común de Mercados (OCM) a pesar de ser a maior parte do sector na Galiza.

É polo que o SLG solicita á Consellaría do Medio Rural que se poña ao fronte do sector articulando as seguintes medidas:

■ Que non se poña como condición para novas plantacións con dereitos de reserva ter garantida a saída da uva. De non ser así estaremos limitando as adegas ou a viticultores/as que eles consideren, a utilización dos novos dereitos.

■ A súa oposición ás medidas de abandono, de xeito que toda Galiza quede excluída do arranque de viñedos, e consecuentemente esixir que Galiza sexa prioritaria cando se apliquen as medidas de apoio establecidas no Regulamento (CE) nº 479/2008.



Entre os principais eixos da OCM vitivinícola revisada destaca o establecemento dun réxime de arranque voluntario, de tres anos de duración, para unha superficie total de 175.000h e cunha prima decrecente. Poderase restrinxir o arranque de viñas en montañas e pendentes pronunciadas, así coma por motivos medioambientais.

■ A superficie mínima a plantar con dereitos de plantación será de 1000 m²., nunca superior.

■ Que prohiba a plantación de viñado en Montes Comunais en Man Común.

■ Que modifiquen os rendementos medios, do Anexo I (A Coruña: 64 hl/ha, Lugo: 59 hl/ha, Ourense: 40 hl/ha e Pontevedra: 56 hl/ha) que están permitidos nas diferentes denominacións de orixe e viños da Terra.

■ Recuperar os dereitos de plantación perdidos por ter feito mal os censos de viñas en todas as ribeiras do País, e que pasen a reserva de dereitos de plantación de viñado de Galiza.

■ Que poñan, canto antes, a disposición dos/as viticultores os dereitos da reserva.

■ Que saquen para outono as axudas á reestruturación de viñado.

Na Galiza temos que seguir a defender o modelo europeo de vitivinicultura de calidade, que se quiere destruír coa liberalización total do mercado e da produción no 2015.

NON AO EMPREGO DE LEVADURAS TRANSXÉNICAS NO VIÑO

A simulación de aromas e sabores propios das variedades e os microclimas usando levaduras xenéticamente modificadas, estarán brevemente a disposición das adegas (*El Progreso* 02-08-08)

Aquela máxima que se dicía no sector: “Que se leven as variedades, pero a nosa Terra e o noso clima non se pode levar”, corre o risco de verse superada pola enxeñería xenética.

De ser así, o sector do viño quedaría definitivamente desligado da terra, das variedades e das prácticas culturais para converterse nun capricho de laboratorio.

As levaduras transxénicas con aromas e gustos “a carta”, están pensadas polas multinacionais para facerse con todo o sector, e conseguir relegar a Europa ao papel de consumidora de viño producido por estas grandes empresas no “novo mundo” (Australia, Chile, Arxentina..).

Porén, dende o Sindicato Labrego Galego alertamos de que ou os gobernos Galego, Español e Europeo prohiben o uso de produtos de manipulación xenética na viña e no viño, ou estarán definitivamente cavando a tumba ao sector do viño no noso País.

Por outra banda, consideramos que tamén debería calificarse de “fraude” o intento de copiar características culturais ligadas aos climas, as variedades e a terra.

E a maiores, os viños producidos por manipulación xenética deberían estar obrigados a poñelo na etiqueta.


Coida a túa casa, Coida o teu país

A Consellería de Vivenda e Solo concede axudas para o remate exterior de vivendas unifamiliares no rural.

Subvención de ata 6.000€ para rematar a túa casa, se contas con licencia municipal.

Podes solicitala ata o 16 de Xuño

Galiza é o noso patrimonio.
Ti podes contribuír a melloralo.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Infórmate no teléfono 902 100 054
Ou en www.conselleriavivenda.xunta.es

A información que a miúdo non se nos dá:

A vacina contra o Virus do Papiloma Humano (VHP)

Co novo curso, as autoridades sanitarias pretenden iniciar unha campaña masiva de vacinación contra o virus do papiloma humano entre as nenas e as adolescentes. A Secretaría das

Mulleres quixo achegar outa visión sobre esta nova vacina, co obxectivo de que podamos dispoñer de toda a información á hora de tomar a decisión de vacinar ou non ás nosas fillas. A per-

soa convidada para achegar esta visión foi o médico vasco afincado en Catalunya Xabier Uriarte, presidente da Liga pela Liberdade de Vacinación e investigador dos efectos das vacinas.



As xornadas realizáronse no centro social As Fontiñas o pasado vinteseite de xuño.

“A muller está collida polos ovarios a nivel sanitario.” Así de rotundo comezou Xabier Uriarte* a súa intervención sobor da vacina do VPH (Virus do Papiloma Humano), marcando dende o inicio o ton claro e directo que caracterizaría a súa exposición.

“As institucións sanitarias -continuou- queren apropiarse da saúde da muller, xa que é un obxectivo perfecto, cheo de reaccións naturais susceptibles de seren tratadas médica-mente, cando até fai uns anos eran subsanadas con métodos naturais.”

É obvio que a muller na súa totalidade, e nestas situacións específicas, precisa de coidados, “pero hai moitos coidados: pódente abrazar, pódente facer a comida, as compras... e iso tamén é coidar”.

Na actualidade acéptase que a flora xenital presenta unha grande riqueza e diversidade de microorganismos tales como bacterias, virus, fungos e parásitos.

De maneira continua, o organismo xenital feminino está poboado desta microdiversidade pasando ó longo da vida por épocas de desequilibrio ou de contaminacións que son reguladas e autocuradas de xeito silencioso e asintomático.

Segundo doutores como Koldo Martínez (médico intensivista no Hospital de Navarra)¹ e Santiago Deseux² (director do Hospital de Catalunya e primeiro máster europeo de bioética), no 90% dos casos, a presenza do virus do papiloma resólvese espontaneamente, sen necesidade de medicación.

Ademais, segundo o doutor Santiago Deseux², o 80% dos casos de cancro do colo uterino dase en mulleres que viven en países en vías de desenvolvemento, onde a vacinación do VHP podería ter un efecto significativo, mais onde sería imprescindible a axuda internacional para podela financiar¹.

“O terrorismo científico cebouse con todo o relativo á infección polo VPH e é frecuente sinalar calquera contaminación ou infección como motivo de cancro”².

Mais o virus non provoca directamente o cancro, senón as transformacións celulares capaces de desencadear o proceso maligno, existindo outros factores presentes na expresión cancerixena do VPH².

Para que haxa unha infección cervical tense que orixinar primeiramente un terreo hiperreactivo con grande facilidade para pro-

ducir todos os síntomas propios do proceso infeccioso.

Unha dieta rica en azúcre refinados, graxas saturadas, así coma o tabaquismo e o alcolismo, o emprego de contraceptivos orais, a utilización de certos fármacos, o estrés e a fatiga, a utilización do tampón³, e, sobor de todo, un baixo nivel socioeconómico (a pobreza), podería xerar este terreo hiperreactivo ou distónico inflamatorio.

A presenza das diferentes cepas de papilomavirus (ADN, familia *Papovaviridae*) por si soa non é a causante do cancro, senón as transformacións do terreo xa sinaladas e as modificacións posteriores celulares, que si son capaces de desencadear o proceso de malignización.

Promovida pela industria

A divulgación desta vacina vense de realizar conxuntamente tanto pelas institucións clínico-universitarias estatais e as consellarías dos gobernos territoriais, coma polos departamentos comerciais dos laboratorios privados.

Segundo describiu Uriarte, os cumios celebrados entre o 2007 e o 2008 co gallo da infección do papilovirus, ou para falar da vacina do VPH, foron sufra-


gados na súa totalidade pola industria farmacéutica encargada de producir esta vacina.

Dende fai tempo -afirmou- sábese que alomenos o 30 ou 40% dos ensaios clínicos realizados pola Industria Farmacolóxica para a comercialización dun produto están manipulados, para así poderen superar as comisións de regulación de novos medicamentos e crear unha clara opinión favorable nos departamentos universitarios e na prensa especializada⁴.

anas, virais, parasitarias e micóticas, non só a nivel xenital, senón xeral.

Esta información xenética nova, introducida en sucesivas doses, pode actuar como substancia prooncoxénica, sendo posíbel, polo tanto, un incremento na presenza de procesos de cancro na muller.

Debido ó seu cultivo en células embrionarias, a vacina tamén pode desencadear alerxias ó ovo nas persoas que se vacinen. Tamén se poden presentar manifestacións de alerxia do tipo



O Virus do Papiloma Humano atópase no colo do útero das mulleres tras practicaren relacións sexuais con penetración. Tamén se pode contaxiar en penetracións anais.

Ademais, atendendo ao volume de publicidade incluída, o 99% de publicacións e congresos de certo nivel, son sufragados nos seus custos pola industria farmacolóxica.

Hoxe en día a industria farmacéutica adica á promoción dos seus produtos o dobre do orzamento que adica a investigar⁵.

Efectos adversos da VHP

Uriarte sinalou que, tratándose dunha información xenética que entra nova no noso organismo, poderíase producir un cambio no comportamento das bacterias, parásitos e fungos que viven de maneira saprófita nos órganos xenitais femininos.

Este feito podería incrementar as infeccións bacteri-

cutáneo (urticaria), bronquial (asma), dixestivo (intolerancias ó gluten e á lactosa) e o neurolóxicas (cefalea e neurodexeneración).

A presenza de hidróxido de aluminio pode orixinar reaccións autoinmunes de marcada afectación sobre as estruturas musculares e neurolóxicas.

Despois da vacinación podería aparecer miopatía, fatiga crónica e mesmo alteracións da conducta⁶.

* info@vacunacionlibre.org

1 Martínez, K., A quen beneficia a vacina do papiloma?, 19 de novembro do 2007, Gara.

2 Deseux, S. A Prevención do cancro do colo uterino. El País, martes 12 de abril de 2005.

3 www.natracare.com

4 Saavedra, M. Máis Transparencia nos ensaios clínicos. El País, martes 30 de mayo de 2006.

5 Oppenheimer, W. As grandes farmacéuticas gastan o dobre en promoción que en investigar. El País, martes 27 de junio de 2006.

6 Uriarte, X. Os Perigos das Vacinas. Edt. ÁticaSalud. 2002.

Axudas para a implantación de servizos de xestión, substitución e aconsellamento. ■ DOG 24 DE XULLO DE 2008

As axudas poderán concederse ás entidades de aconsellamento e/ou de xestión para os seguintes conceptos: bens inventariables e os custos salariais anuais derivados da contratación de persoal técnico e administrativo necesario.

No suposto de implantación de servizos de substitución ás axudas concederanse aos custos salariais derivados da contratación do persoal técnico encargado da substitución.

No caso de implantación de servizos de aconsellamento poderán beneficiarse destas axudas as entidades privadas sen ánimo de lucro ou cooperativas ou, en ambos os supostos, as súas unións ou federacións, agás

as agrupacións de defensa sanitaria (ADSG) e as agrupacións de agricultores para tratamentos integrados na agricultura (Atria), así como as súas unións ou agrupacións.

No caso de implantación de servizos de xestión poderán ser beneficiarios as empresas, cooperativas e entidades asociativas do sector agrario.

No caso de implantación de servizos de substitución poderán ser beneficiarios as cooperativas ou entidades asociativas do sector agrario que implanten servizos de substitución para os seus asociados.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda rematará o 8 de setembro.

Axudas para o acceso das mulleres á cotitularidade de explotacións AGRARIAS. ■ DOG do 1 de agosto de 2008

O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller ven de publicar no DOG as axudas dirixidas a mulleres labregas galegas para lles facilitar o acceso á cotitularidade, ou titularidade compartida, das explotacións agrarias, das cales unicamente é titular un home co que existe relación conxugal ou análoga. Estas axudas consistirán nunha prima de 2000 euros por beneficiaria.

Aquelas mulleres que queiran presentar as solicitudes de axuda deberán facelo antes do 30 de outubro e deben estar anotadas no rexistro de explotacións agrarias da Consellaría de Medio Rural e darse de alta na Seguridade Social.

Axudas para programas de valorización integral e promoción da multifuncionalidade do monte.

■ DOG do 20 de Agosto de 2008

Estas axudas estan destinadas a calquera entidade agraria, persoa física ou xurídica vinculada ao sector forestal galego.

Poderán solicitarse axudas para realizar as seguintes actuacións: mello- ra e racionalización do aproveitamento dos recursos forestais a través do aumento do coñecemento e concienciación dos propietarios e xestores, accións de aumento do valor dos bosques e promoción da diversificación

das producións e accións de posta en valor dos usos públicos dos espazos forestais.

A contía das axudas variará en función da actuación que se vaia a realizar.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 20 de setembro de 2008.

PRÓXIMAS ACTIVIDADES DO SLG

■ XORNADA REIVINDICATIVA DO PRODUTO CASEIRO

19 de setembro en Santiago de Compostela

Charlas informativas e mercado do produto caseiro

■ XORNADA SLG SOBRE NOVAS FORMAS DE VENDA DIRECTA:

17 de outubro en Santiago de Compostela

A experiencia das AMAP en Francia

(Asociacións para manter a agricultura labrega)

■ FEIRA E FORO DA SOBERANÍA ALIMENTAR

18 e 19 de outubro en Vigo

MOSTRA E VENDA DE PRODUTOS LABREGOS

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Palla de trigo mais rulos de herba seca. Tordoia.
TLF: 981 19 92 26 (Manuela)

Pincho dos rulos con duas botellas. Seminova.
TLF: : 679 528 825.

Coche sen carné modelo AMBRA GLX LIGIERE. Véndese por enfermidade. Practicamente novo.
TLF. 653 204 315 / 648 641 404

Becerro Frisón, boa xénetica, con pedigrí (10 meses). Ordes
TLF: 686 59 90 28

Abonadora VICON pequena. Seminova.
TLF: 982 150 121 (Suso)

Rolos de Herba seca no concello d' Agolada.
TLF: 986 788 124.

17 ovellas por redución da cabana.
TL.: 982 157 931.

Ensiladora de millo dun rego, marca POTTINGER, seminova, bon prezo
TLF: 981 670 725

- Cisterna de 7000 l. marca RO-MAY
- Remolque Forestal con grúa
- Tractor MASSEY 399
- Tractor FORD 6610 con pala TENIAS e varios cazos.
- Tractor Ford 5000
- Rotoempacadora KRONE 130 m pikut ancho, 2 atados
- Desbrozadora cadeas 1,60 m ancho
- Autocargador rotativa MORRA
- Desensiladora TRIOLET
- Desensiladora TENIAS de pinza
- Desensiladora VICON
- Fresadora PEGORARO 2,05 m ancho, seminova
- Rastrillo hilerar
- Rastrillo esparcidor.
- Desbrozadora 2 rotores, 2,50 m. ancho
- Fresadora forestal 2 m ancho
- Remolque de 1,80 x 3,50 m
TLF: 676 600 399 (Paco)

Becerras de 2, 3 e 4 meses para recría. Concello de O Covelo (Pontevedra).
TLF: 986 668 820; 626 442 294

Picadora POTTINGER Mod BOSS 1 con tándem.
TLF: 606 135 604

LAND ROVER corto de 7 plazas, motor moderno con turbo, 5 velocidades, dirección asistida e servofreno. LU-H. Bo prezo.
TLF: 982 157 225 (noites)

- Máquina de colleitar millo de 1 surco. Marca MENGUELE.
- Máquina de colleitar millo de 2 surcos. Marca JF800.
- Máquina arrancadora de patacas de cadeas con descarga lateral. Marca AJURIA.
TLF: 676 268 464 (Víctor).

Carretillas marcas: CATERPILLER E TOYOTA de 2.500 kgs, triple mástil, elevación libre e desprazador lateral.
TLF: 650 019 275

Camada Border Colli vacunados e desparasitados. Línea de traballo. 400 euros.
carboeiro@hotmail.com.
TLF: 630 589 097; 981 569 347

Circuito e tanque de leite de 420l.
TLF: 981 892 706

-Tanque de frío Alfa Laval de 1800 litros.
-Sala de Ordeño de 8 puntos, pulsacións electrónicas, retiradores e lavado automático. Marca SAC Senior.
Prezo a convir.
TLF. 620 615 041 (Manuel).

Ensiladora de 2 regos, marca Kemper (de rodillos).
TLF. 678 761 441

Herba Seca para recoller, en Toriz - Vila de Cruces (Pontevedra).
TLF. 627 638 804

Abonadora marca VICON pequena.
TLF: 982 150 121 (Suso)

-Tanque de leite de 2.080 litros, con lavado automático.
-Circuito de ordeño de 4 puntos, de 40 m. de percorrido con arcos. Por peche de explotación.
TLF. 699 639 566

Autocargador marca CLAAS
Tlf.: 982 502 280

Vacas rubias marcadas.
TLF: 689 752 400

-Tanque de frío de 520 l, marca PORTINOX
-Bomba de 6 puntos, marca SAT.
TLF.981 856 110

Cocha reproductora e semental.
TLF: 618 947 926.

Por abandono de millo. Ensiladora de millo marca POTTINGER de un rego, con machacadora de grao e afiado automático, último modelo. Unha campaña. Como nova. Prezo: 3500€
Tlf.: 606 616 139

Rotoempacadora marca GALLINANE e outra empacadora marca DEUTZ FHARZ, unha segadora pequena marca AVEE.
TLF. 609 311 416

Tractor Lamborghini. 80 CV. Bo prezo.
TLF. 639 484 413

Palla de trigo mais rulos de herba seca. Tordoia.
Telf: 981 19 92 26 (Manuela)

Herba seca.
Tlf.: 649 615 280 (José Ángel)

Touro de tres anos marcado de Acrua.
Tlf.:619 937 274

Rastrillo rotativa e un arado de 2 sucos e 16 pulgadas reforzado marca GÓMEZ.
TLF. 696 004 515

-Véndense vacas de carne con dereitos.
TLF: 653 781 267

Unha vaca frisona con carta.
TLF: 626 334 770

Herba seca. Prezo económico.
TLF 699 719 484

COMPRAS

Cacheadora de patacas.
TLF. 981 669 250

Remolque para tractor PASQUALi, de 60CV.
TLF: 981 517 1 60 (Touro)

Cisterna de 5.000 litros móbil.
TLF: 670 493 619

ALUGUEIROS

Procúrase terreo de gran superficie para pastoreo, en calquera zona da Galiza.
TLF. 690 367 369

Búscase explotación para arrendar en calquera das catro provincias do País, preferentemente en A Coruña.
TLF. 676 282 730 (Samuel)

OUTROS

Intercámbianse libros de lectura.
TLF. 986 584 070

Parella francesa procura aloxamento temporal en casa labrega, preferentemente na comarca de Pontevedra.
gasson.a@wanadoo.fr
(Andre Gasson)

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Búscase traballadora ou traballador para explotación de leite en Vila de Santalla (Curtis). Boas condicións económicas.
TLF: 653 781 267

Fanse traballos de xardinería, desbroce de montes, limpeza de fincas de cultivo.
TLF: 981 520 900

Ofrécese persoa para traballar en explotación. Zona Vila de Cruces - Comarca d'O Deza.
TLF. 699 330 236 (Arturo)

Búscase empregado/a para granxa en Sobrado.
Tlf: 609 733 289

Ofrécese traballador para explotación.
TLF: 629 973 867

Búscase traballadora ou traballador para explotación de leite en Vila de Santalla (Curtis). Boas condicións económicas.
TLF: 653 781 267

Búscase traballador/a agrícola para traballo de viña, diversas facetas.
TLF: 677 436 970 (José Luis)

Búscase persoa para traballar nunha explotación de horta na zona de Vedra
TLF: 620 582 693 e 981 503 281

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correo electrónico **prensa@sindicatolabrego.com**. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quítanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Se a túa idea de futuro está no rural, estás na nosa liña

→ LIÑA DE AXUDAS 2008
a proxectos dinamizadores
das áreas rurais.

Para proxectos innovadores,
que dinamicen a base produtiva
e que melloren a calidade de vida.
Para construír un novo rural.

15.000.000€

SOLICITAAS ATÉ O 29 DE AGOSTO

+ info: 981 547382; <http://agader.xunta.es>

Proxectos dinamizadores



agader

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural



Europa inviste
no rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

